

**ACTA DAS CELEBRADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA O DÍA
DEZANOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE : - - - - -**

- - - - - =====

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Isabel González Domínguez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a María Deza Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a M^a Cruz Barbeito Barreiro
- D. Francisco Villaverde Otero
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José Buezas Méndez
- D^a Vanesa Rodríguez Maneiro
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel-Luís López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezanove de setembro de dous mil once, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

15º) EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais de 30 de agosto de 2011 sobre a proposta da alcaldía neste asunto.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal**, lamentou que non exista unha comparativa de custos respecto da xestión directa, xa que pensan que con este último sistema aforrariábase unha cantidade importante tan só en concepto de IVE e beneficio industrial. Tamén indicou que deberon tomarse medidas para unificar con outros concellos a prestación deste servizo, sendo esta a liña que marcou recentemente o Presidente da Xunta. O interviniente considerou que nesta época a duración de oito anos era excesiva, ao igual que o prezo, botando de menos a non previsión de penalización en caso de incumprimento de contrato, motivos polos que anunciou o voto en contra do seu grupo político.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, lembrou que no ano 2010 trouxose unha proposta de 25 anos por importe total de 54 millóns de euros e, agora, ven unha de 8 anos, por un importe de 1.221.426,50 euros anuais que, no caso de prórroga, durante cada un de esos 5 anos adicionais, ascendería a 1.635.054,57 euros, é dicir, aproximadamente, 413.000 euros a máis por ano con respecto aos 8 primeiros anos, sen explicar semellante incremento. Engadiu que, no seu día, cando se cambiou o sistema de xestión directa a concesión, díxose que suporía un aforro para os veciños e logo as tarifas incrementáronse substancialmente, ademais de que o propio impulsor desta medida, noutro concello, apostou pola xestión directa. A interviniente considerou que era prioritario modificar a ordenanza fiscal antes de aprobar este prego posto que era necesario apoiar decididamente a recollida selectiva nun concello que vive tanto da súa imaxe cara ao turismo como este, con tarifas distintas para a xente que recicla e para a que non o fai, o que suporá un gran traballo pero que é necesario facer. Aparte se deberían aplicar bonificacións e exencións por razóns sociais como fan outros concellos, retirar da zona urbana os colectores e mellorar o servizo nas zonas rurais que ten moitas queixas. Tamén incidiu no aforro que suporía unha xestión directa, así como a asunción polo concello do cobro dos recibos que agora fai o ORAL e, por último, preguntou que pasará coas cantidades que se lle deben a “Urbaser” ou “Sogama”.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, botou de menos, tanto neste asunto como noutros, unha exposición previa do goberno municipal. A continuación dixo que todo o que rodea a este contrato no concello é polémico, primeiro polas demoras, logo cunha macroproposta como a realizada fai un ano e agora se trae unha máis equilibrada que a anterior en canto ao prezo pero que se deixa moi aberta as ofertas dos contratistas, non concretando moitas cuestións, estando tamén en desacordo coa posibilidade de encomenda á empresa concesionaria do cobro do recibo aos usuarios posto que define unha liña ideolóxica de que o público é malo e o traballo das empresas privadas é mellor. Tamén precisou que o concello, neste intre, non ten capacidade económica, debido a imprevisión do goberno municipal, para xestionar directamente o servizo.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que tan só o último interviniente referíuse claramente a este punto da orde do día posto que, os anteriores aludiron a cuestións que non eran obxecto de debate, reservándose para a segunda quenda de intervencións.

A Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, explicou que aos distintos grupos políticos se lle trasladou facía sete semanas o proxecto do contrato e non se recibiu proposta algunha, tan só noticias nos xornais que non pasaban de meras ideas. Proseguiu dicindo que a proposta era a mellor logo de estudar a situación cun prezo que non era excesivo dado o volumen da recollida no verán e cuns servizos que se aumentaban con respecto ao contrato actual como o incremento da frecuencia da prestación na época estival. Tamén dixo que non era posible realizar as bonificacións ou exencións aludidas noutra intervención posto que non as permitía a lei e que se estranaba de que o grupo de Sanxenxo Agrupación Liberal falara do aforro que suporía a privatización do servizo, cando, precisamente, un dos seus membros foi o que propuxo a privatización do servizo. Engadiu que se incluía no prego a posibilidade de que outra empresa, distinta do ORAL, xestionara o cobro dos recibos, aludiu a dificultade de determinar as tarifas diferentes para os que reciclen e para os que non o fan e ao encarecemento do prezo no caso de que se retiraran os colectores.

O Sr. Gonzalo Pita, respecto da alusión á proposta feita no seu día para privatizar o servizo por un dos seus membros, precisou que en dez anos cambiaron moito as cousas e, especialmente, a situación económica e hai que adaptarse a estes tempos nos que se esixe un maior aforro. Especificou que na comisión informativa na que se tratou este tema puxéronse encima da mesa as cuestións citadas neste pleno como a excesiva duración do contrato que en todo caso non debería pasar de unha lexislatura e o custo do servizo sen que se lles fixera caso cando, precisamente a alcaldesa no debate de investidura dixo que se ía a ter en conta a oposición.

A Sra. Aguíñ Pombo aludiu a que na comisión informativa dixo o mesmo que no pleno e que pola presidencia non se fixo intento algún de chegar a acordo, limitándose a indicar que o tema xa estaba estudado e que ou se aceptaba a proposta ou nada. Sinalou que era necesario apostar pola reciclaxe e que outros concellos xa o fixeron mediante a aplicación de taxas diferentes o que non é fácil e da moito traballo pero que é necesario dado o carácter turístico deste concello e o importante aforro de custos que se produciría. Tamén indicou que outros concellos xa están aplicando as exencións citadas por ela na anterior intervención, estranándose que eles estean na ilegalidade e aquí non se poida facer. Finalmente insistiu en que ninguén aclaroulle as diferenzas económicas existentes entre os prezos dos 8 primeiros anos de contrato e os 5 últimos.

O Sr. Otero Domínguez aclarou que non dixo que esta nova proposta era equilibrada senón que era máis equilibrada que a do ano 2010, ata o punto de que esta última a chegaron a retirar da orde do día. O interviniente precisou que no prego se prevé a posibilidade de que a empresa concesionaria xestione o cobro dos recibos e indicou que neste concello non se fixo nada para crear un órgano municipal de recadación, lembrando que o ORAL se leva tamén a parte correspondente dos impostos que cobran, co que, no caso de recadarse no concello, se evitaría que fose para a Deputación esta cantidade. Lamentou que non se concretara no prego a existencia de certificados de calidade para os colectores posto que calqueira podía comprobar o mal estado dos actuais, botando tamén de menos a existencia dun servizo de recollida de animais mortos dentro do contrato e avogando porque as empresas privadas de importancia económica, como as que optan a

estos contratos, se impliquen máis no día a día do concello, apoiando á vida social e cultural municipal mediante diversas fórmulas como a do patrocinio.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** aclarou que o prezo do contrato era de 1.200.000 euros anuais e outra cousa son as previsións que figuran para os anos posteriores tendo en conta as posibles subas do IVE. Continuou dicindo que se traba dun bo proxecto, tanto no montante económico como na duración do contrato e que os distintos grupos políticos non presentaron propostas alternativas, emendas ou modificacións do ditame a pesar de que coñecían o proxecto facía sete semanas, lamentando o pouco coñecemento que se tiña da vida empresarial para considerar excesivo un período de contratación de oito anos cando debía establecerse un prazo mínimo de amortización das inversións en maquinaria e material, como os colectores que, polo número (máis de 600 sen ter en conta os do reciclado), ascende aproximadamente a 1.000.000 de euros. En canto a alusión a empresa mixta preguntouse onde estaba a proposta e se esa empresa ía a vir a perder cartos posto que lembrou que está legalmente prohibido gañar diñeiro na prestación destes servizos. Polo que respecta o servizo mancomunado o presidente da Xunta referíuse a concellos de pequenas dimensións. Tamén dixo que, evidentemente, tamén faltaba a comparativa de custos con respecto á xestión directa posto que esta era unha proposta para a xestión mediante concesión, algo totalmente distinto do que se acordou no seu día, a proposta dun concelleiro do grupo do SAL, de retirar a xestión directa e ir a concesión administrativa. O interviniente explicou que o proxecto actual non era unha mera continuidade do que estaba en vigor e puntualizou diversos servizos novos como a prestación en diversas zonas como a estrada Sanxenxo-Baltar, a rúa Progreso ata o cemiterio, o baleirado das papeleiras no parque Punta Vicaño ou a inclusión da retirada e tratado de enseres que, só na última proposta de gasto realizada pola alcaldesa, ascendou a 17.000 euros, así como o reforzo na prestación do servizo no período veraniego. Finalmente o concelleiro interviniente sinalou que, en relación a retirada dos colectores do casco urbano, debía saberse primeiro cando se recollería o lixo, punto para o que é necesario falar primeiro con empresas e familias. En canto ás rebaixas fiscais non se poden facer á vista do disposto na lei e tampouco se pode incluír dentro do prego a referencias a implicación na vida social e cultural do concello citadas polo Sr. Otero Domínguez. Finalmente lembrou que noutros concellos, como Ourense, o goberno do bipartito acababa de licitar este servizo por un período de duración de 20 anos máis 5 de prórroga e en Pontevedra foi obxecto dunha nova ampliación de 3 anos.

A **Sra. Presidenta** manifestou que logo de escoitar a oposición municipal parecíalle que o obxectivo dela era colapsar o servizo no período veraniego posto que, senón non se podía explicar que se pretendese volver a xestión directa que levaría consigo a imposibilidade de realizar recollidas tan cuantiosas como se realizan no período estival, demostrando o descoñecemento respecto do que era este servizo, razón pola que non ía a intervir máis considerando suficientemente debatido o asunto.

Rematado o debate a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a **favor: 9 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Mixto).**

Votos en **contra: 6 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).**

Votos pola **Abstención: 2 (Grupo Municipal do BNG).**

En consecuencia o **Pleno da Corporación Municipal**, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Manter a concesión administrativa como forma de xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria.

SEGUNDO: Aprobar o proxecto de explotación da concesión administrativa do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria que figura unido a esta proposta.

TERCEIRO: Aprobar o expediente de contratación, no que se inclúe o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas, do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria durante un prazo de **OITO (8) ANOS**, contados **a partir do 23 de xaneiro de 2.012**, coa posibilidade de dúas prórrogas, unha primeira de **TRES (3) ANOS**, a contar dende a data de finalización do período de duración do contrato sen prórrogas e outra de **DOUS (2) ANOS**, a contar dende a data de finalización da primeira prórroga, ata un máximo de **TRECE (13) ANOS** e dispoñer da apertura do procedemento de adxudicación, que será aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria.

CUARTO: Autorizar o gasto previsto na prego de cláusulas administrativas para a execución do contrato, co compromiso de incluír nos futuros presupostos a financiación necesaria para atender as contraprestacións económicas que resulten para o concello de Sanxenxo da adxudicación deste contrato.

QUINTO: A efectos de conseguir a maior celeridade posible na tramitación do expediente delegar na Alcaldía a realización de todos os trámites de competencia do órgano de contratación previos a adxudicación do contrato.-----

E, non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinteunha horas e vinte e cinco minutos, de todo o que, eu **Secretario, dou fe:**